

# GIRASOLES SILVESTRES

# 1019

Jaime Rosales, 2022

ESTREA EN NUMAX: 14.10.2022 | V.O. | 107 min | +16

Julia, unha moza de 22 anos e nai de dúas crianzas, namora de Óscar, un rapaz conflictivo co que comeza unha relación. A medida que pasan tempos xuntos, Julia comezará a considerar se Óscar é a persoa que realmente precisa ao seu carón, o que a levará a iniciar unha viaxe persoal na procura da súa felicidade e da da súa familia.

Especialmente recomendada para o fomento da igualdade de xénero.



«O cineasta que mellor aplica o rigor estético e discursivo ao noso cinema amplía o seu discurso, cunha narrativa moito máis expandida.»

Jessica Kiang, VARIETY



## Entrevista con Jaime Rosales: «En 'Hermosa juventud' había preguntas e en 'Girasoles silvestres' debúxanse respostas»

Por Alfonso Rivera

**Pasou tempo (catro anos) desde o teu anterior filme...** Foi pola pandemia tamén. Teríame gustado rematala hai un ano, pero as películas requiren o seu tempo de elaboración. Facela en menos de dous anos é case un milagre: cómpre ter unha matriz moi engraxada, como Woody Allen, por exemplo, con películas moi parecidas unhas a outras, co mesmo molde.

***Girasoles silvestres* (2022) entronca, talvez, co teu anterior *Hermosa juventud* (2014)?** Comparten a contorna e a idade dos personaxes: si, establécense ecos. Pero alí onde había preguntas, aquí debúxanse respostas. Un filme é un soliloquio entre o espectador e a obra; o director debe ir con coidado de non entorpecelo.

**Por que te centraches na historia dunha muller vivindo relacións sentimentais con tres homes e non ao revés?** Podía ser ao contrario e tamén sería interesante... quen sabe, tal vez na seguinte película o aborde. Interesábame a complexidade das relacións amorosas, nunha época en que os roles mutan e teñen que adaptarse. Pero saíume así a historia, coa mirada desde a muller cara aos homes.

**Un dos conceptos que máis se manexan véndoa é a toxicidade masculina: os homes saen mal parados na túa película, talvez pola súa inmadurez?** Temos tres tipoloxías no filme, pero son diferentes. O primeiro é un maltratador e o segundo está bloqueado, pero o terceiro é moderno e ético: asume a crianza dos nenos, ten unha profesión, é coidadoso coa protagonista e axúdalle a que progrese nos seus soños profesionais.

Ela aprende a saber o que non quere. A película ten moitas claves, non é o meu labor descifralas, pero o texto di moitas cousas: ela transfórmase e madura ao longo do filme. Acaba cun home moi diferente do primeiro. E non se pode meter a todos no mesmo saco. Tamén me interesaba establecer claves de cara a elas: coidado, perigo, estade alerta cando vexades estes signos nas vosas parellas.

**Vimos arrastrando modelos erróneos desde xeracións atrás?** Este tipo de personaxe maltratador ten intermitencias, luces e sombras e poden ser mesmo atractivo cando dunha maneira asertiva lle dá confianza á protagonista.

**Pero como dicía a miña avoa: “Onde o amor pouxa, unha merda é unha rosa”. O amor é cego ou, cando menos, miope?** Hai algo que nos atrae moito cando coñecemos a alguén indómito: a pulsión de crer que o imos a poder domar e endereitalo. É algo moi humano, unha mestura de ego (ti si vas poder domalo) e ao mesmo tempo de xenerosidade (educar a alguén para facerlle ben é algo bo). Pero certo é que iso non adoita ocorrer: se a árbore xa está moi torta é imposible de endereitar. O amor ten ese lado cego e estou de acordo co refrán da túa avoa: gustoume!

**Tamén hai un tipo de persoa que non sabe estar soa.** O tema da soidade e a compañía interésame moito tamén. Un pode estar acompañado fisicamente e sentirse só, e pode, en certos momentos, non estar acompañado, pero se estás a ter unha boa relación con alguén non te sentes só. Creo que a maneira atinada consiste en establecer unha relación profunda e sólida na que poidas ter momentos para facer cousas por separado. A compañía de verdade é algo desexable: non creo nas bondades dunha emancipación radical, porque o seu é a vida en boa compañía, xa que somos animais sociais.